

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/10/2021 16:42:15

SAIDA

16778/21

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 139/2021**  
Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 28 de xuño de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 21 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), de acceso ao expediente 107 A 2011/444-4.

O reclamante indicaba que non tivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 28 de setembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 14 de outubro de 2021 a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) contesta a petición, informando que o expediente solicitado correspóndese cunhas actuacións informativas dunha data na que aínda non estaba en funcionamento a base de datos AUPAC, que deron lugar á incoación do expediente de

reposición da legalidade urbanística PON/7/2013, resolto pola directora da APLU o 12 de marzo de 2014 e actualmente en fase de execución forzosa.

Recibido o oficio da Comisión da Transparencia de Galicia do 28 de setembro de 2021, procédese a tramitar a solicitude como de acceso á información pública, informando á interesada con data do 30 de setembro de 2021 que procedeuse a dar traslado da mesma á persoa interesada no expediente para que en prazo de quince días hábiles formule as alegacións que estime convintes, sen que ata a data remate o prazo de quince días hábiles outorgado á persoa interesada no expediente para formular alegacións, transcorrido o cal se continuarán as actuacións tendentes a resolver expresamente a solicitude da [REDACTED]

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) non resolveu dentro do prazo ordinario dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que procede admitir a reclamación presentada con data do 21 de setembro de 2021.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A interesada solicitou á APLU acceso a un expediente administrativo, que de acordo coa definición que da mesma establece a normativa de Transparencia, debe entenderse que é información pública.

A APLU non resolveu a solicitude de acceso á información presentada con data do 21 de maio de 2021, non abrindo o período de alegacións aos terceiros interesados que figuran no expediente ata o 28 de setembro de 2021, unha vez que a interesada xa tiña presentada reclamación ante esta Comisión.

De acordo co anterior e unha vez que finalice o período de alegacións, debe a APLU no caso de que exista oposición do terceiro interesado, facer unha ponderación para determinar si debe primar o interese público na difusión da información, ou a protección dos intereses privados das persoas interesadas, resolvendo o que corresponda.

A Axencia debe resolver expresamente sobre o acceso, examinando previamente si a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, en cuxo caso deberá, de forma motivada, dissociarse os datos de carácter persoal existentes ou eliminar se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei).

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse á APLU que, consonte o disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, debe lembrarse á APLU, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obrigaón de remitir a esta Comisión os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 21 de setembro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), de acceso ao expediente 107 A 2011/444-4.

**Segundo:** Instar á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), a que, unha vez rematado o período de audiencia, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) a que, unha vez ditada resolución sobre o expediente, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío á reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: 56500009C)  
Fecha: 2021.10.28 12:29:48 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**